



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DESTE CONCELLO O DÍA DEZ DE DECEMBRO DE DOUS MIL NOVE.

NÚM. 11/2009

<p><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p>ALCALDE-PRESIDENTE D. José María García Rivera.</p> <p>CONCELLEIROS D. Xaime Cancio Rodríguez D^a Ana A. Incera Ares. D. Pedro M. Fernández Marful. D^a. Rosa Alonso Rodríguez. D. Ramón Sixto Legaspi (Concelleiro invitado)</p> <p>SECRETARIA D. M^a Carmen Seoane Bouzas.</p>	<p>Na Alcaldía da Casa Consistorial de Foz, sendo as 14:30 horas do día dez de decembro de 2009, baixo a presidencia de D. José María García Rivera, e asistido pola secretaria da Corporación, D^a M^a del Carmen Seoane Bouzas, que da fe do acto, se reúnen os Srs. Concelleiros relacionados, membros todos da Xunta de Goberno Local, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión extraordinaria prevista para o día de hoxe, e de acordo co seguinte orde do día.</p>
---	---

1. – APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DE DATA 26-11-09.

Pola Presidencia se pregunta aos membros presentes da Xunta de Goberno Local se teñen que formular algunha observación á acta da sesión celebrada o 26 de novembro de 2009.

A Secretaria manifesta que hai un erro no apartado 5 da orde do día, de maneira que onde pon “Técnico director da obra: D^a. M. Belén Rivas Baltar-Colexiado nº 2678” debe poñer “Técnico director da obra: D. Fernando Losada Liste”.

Quedan aprobadas por unanimidade a acta da devandita sesión, coa corrección realizada, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

2.- APROBACIÓN MEMORIAS FONDO ESTATAL PARA O EMPREGO E A SOSTENIBILIDADE LOCAL.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Pola Presidencia dáse conta das memorias das inversións proxectadas para incluír dentro do Fondo.

2.1. Captación de auga potable das fontes antigas de “A Fraga Vella” que daban subministro ao Concello de Foz.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros ACORDA:

PRIMEIRO. Solicitar, segundo o establecido no Real Decreto- Lei 13/2009, de 26 de outubro e a Resolución de 2 de novembro de 2009, a inclusión no Fondo Estatal para o Emprego e a sustentabilidade Local, da seguinte obra:

“Captación de auga potable das fontes antigas de “A Fraga Vella” que daban subministro ao Concello de Foz”, con un orzamento da obra de 104.161,51 €, 3.501,23 € de honorarios de redacción de proxecto e 1.750,61 € de honorarios de dirección de obra. Resultando un orzamento xeral de 109.413,35 €.

SEGUNDO. Facultar ao Sr. Alcalde e á Secretaria para que presenten as correspondentes solicitudes nos termos e coas condicións establecidas no artigo 5 do Real Decreto- Lei, en relación co artigo 2 Resolución de 2 de novembro de 2009.

TERCEIRO. O Concello de Foz conta coa dispoñibilidade dos terreos nos que se vai executar a obra.

2.2. Rexeneración medioambiental e senda peonil do Río Centiño, coa construción dun mural hidronómico de posta en valor do Concello de Foz e xardiñería integral da zona pública detrás das vivendas sociais La Paz.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros ACORDA:

PRIMEIRO. Solicitar, segundo o establecido no Real Decreto- Lei 13/2009, de 26 de outubro e a Resolución de 2 de novembro de 2009, a inclusión no Fondo Estatal para o Emprego e a sustentabilidade Local, da seguinte obra:

“Rexeneración medioambiental e senda peonil do Río Centiño, coa construción dun mural hidronómico de posta en valor do Concello de Foz e xardiñería integral da zona pública detrás das vivendas sociais La Paz”, con un orzamento da obra de 120.316,89 €, 3.538,73 € de honorarios de redacción de proxecto e 1.516,60 € de honorarios de dirección de obra. Resultando un orzamento xeral de 125.372,22 €.

SEGUNDO. Facultar ao Sr. Alcalde e á Secretaria para que presenten as correspondentes solicitudes nos termos e coas condicións establecidas no artigo 5 do Real Decreto- Lei, en relación co artigo 2 Resolución de 2 de novembro de 2009.

TERCEIRO. O Concello de Foz conta coa dispoñibilidade dos terreos nos que se vai executar a obra.

2.3. Construción de dous contedores soterrados para mellora contenerización municipio para a defensa do medio ambiente natural.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros ACORDA:

PRIMEIRO. Solicitar, segundo o establecido no Real Decreto- Lei 13/2009, de 26 de outubro e a Resolución de 2 de novembro de 2009, a inclusión no Fondo Estatal para o Emprego e a sustentabilidade Local, da seguinte obra:

“Construción de dous contedores soterrados para mellora contenerización municipio para a defensa do medio ambiente natural”, con un orzamento da obra de 89.621,79 €, 3.538,73 € de honorarios de redacción de proxecto e 1.516,60 € de honorarios de dirección de obra. Resultando un



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

orçamento xeral de 94.677,13 €.

SEGUNDO. Facultar ao Sr. Alcalde e á Secretaria para que presenten as correspondentes solicitudes nos termos e coas condicións establecidas no artigo 5 do Real Decreto- Lei, en relación co artigo 2 Resolución de 2 de novembro de 2009.

TERCEIRO. O Concello de Foz conta coa dispoñibilidade dos terreos nos que se vai executar a obra.

2.4. Reforma e adecuación de centros sociais, culturais, educativos e nave de formación, así como a construción de marquesiñas nas paradas de transporte escolar.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros ACORDA:

PRIMEIRO. Solicitar, segundo o establecido no Real Decreto- Lei 13/2009, de 26 de outubro e a Resolución de 2 de novembro de 2009, a inclusión no Fondo Estatal para o Emprego e a sustentabilidade Local, da seguinte obra:

“Reforma e adecuación de centros sociais, culturais, educativos e nave de formación, así como a construción de marquesiñas nas paradas de transporte escolar”, con un orzamento da obra de 274.561,56 €, 6.921,72 € de honorarios de redacción de proxecto e 3.460,86 € de honorarios de dirección de obra. Resultando un orzamento xeral de 284.944,14 €.

SEGUNDO. Facultar ao Sr. Alcalde e á Secretaria para que presenten as correspondentes solicitudes nos termos e coas condicións establecidas no artigo 5 do Real Decreto- Lei, en relación co artigo 2 Resolución de 2 de novembro de 2009.

TERCEIRO. O Concello de Foz conta coa dispoñibilidade dos terreos nos que se vai executar a obra.

2.5. 2ª fase do saneamento integral ao barrio de Vilatuixe na parroquia de Santa Cecilia, coa inclusión de captación de auga dun manantial natural.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros ACORDA:

PRIMEIRO. Solicitar, segundo o establecido no Real Decreto- Lei 13/2009, de 26 de outubro e a Resolución de 2 de novembro de 2009, a inclusión no Fondo Estatal para o Emprego e a sustentabilidade Local, da seguinte obra:

“2ª fase do saneamento integral ao barrio de Vilatuixe na parroquia de Santa Cecilia, coa inclusión de captación de auga dun manantial natural”, con un orzamento da obra de 134.140,48 €, 3.381,69 € de honorarios de redacción de proxecto e 1.690,85 € de honorarios de dirección de obra. Resultando un orzamento xeral de 139.213,02 €.

SEGUNDO. Facultar ao Sr. Alcalde e á Secretaria para que presenten as correspondentes solicitudes nos termos e coas condicións establecidas no artigo 5 do Real Decreto- Lei, en relación co artigo 2 Resolución de 2 de novembro de 2009.

TERCEIRO. O Concello de Foz conta coa dispoñibilidade dos terreos nos que se vai executar a obra.

2.6. Supresión de barreiras arquitectónicas nos edificios municipais e vías municipais de Foz.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros ACORDA:

PRIMEIRO. Solicitar, segundo o establecido no Real Decreto- Lei 13/2009, de 26 de outubro e a Resolución de 2 de novembro de 2009, a inclusión no Fondo Estatal para o Emprego e a sustentabilidade Local, da seguinte obra:



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

“Supresión de barreiras arquitectónicas nos edificios municipais e vías municipais de Foz”, con un orzamento da obra de 30.516,50 €, 769,08 € de honorarios de redacción de proxecto e 384,67 € de honorarios de dirección de obra. Resultando un orzamento xeral de 31.670,49 €.

SEGUNDO. Facultar ao Sr. Alcalde e á Secretaria para que presenten as correspondentes solicitudes nos termos e coas condicións establecidas no artigo 5 do Real Decreto- Lei, en relación co artigo 2 Resolución de 2 de novembro de 2009.

TERCEIRO. O Concello de Foz conta coa dispoñibilidade dos terreos nos que se vai executar a obra.

2.7. Subministro de reemisores para captación sinais de televisión TDT no medio rural así coma o subministro de panel informativo para mensaxes medio ambientais e socioculturais cara a poboación.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros ACORDA:

PRIMEIRO. Solicitar, segundo o establecido no Real Decreto- Lei 13/2009, de 26 de outubro e a Resolución de 2 de novembro de 2009, a inclusión no Fondo Estatal para o Emprego e a sustentabilidade Local, do seguinte subministro:

“Subministro de reemisores para captación sinais de televisión TDT no medio rural así coma o subministro de panel informativo para mensaxes medio ambientais e socioculturais cara a poboación”, con un orzamento da obra de 132.293,84 €.

SEGUNDO. Facultar ao Sr. Alcalde e á Secretaria para que presenten as correspondentes solicitudes nos termos e coas condicións establecidas no artigo 5 do Real Decreto- Lei, en relación co artigo 2 Resolución de 2 de novembro de 2009.

TERCEIRO. O Concello de Foz conta coa dispoñibilidade dos terreos nos que se vai executar a obra.

2.8. Adecuación da páxina web do Concello á Lei 11/2007, de 22 de xuño, de Acceso Electrónico dos Cidadáns aos Servizos Públicos.

PRIMEIRO. Solicitar, segundo o establecido no Real Decreto- Lei 13/2009, de 26 de outubro e a Resolución de 2 de novembro de 2009, a inclusión no Fondo Estatal para o Emprego e a sustentabilidade Local, do seguinte servizo:

“Adecuación da páxina web do Concello á Lei 11/2007, de 22 de xuño, de Acceso Electrónico dos Cidadáns aos Servizos Públicos”, con un orzamento do contrato de 29.999,92 €, IVE incluído.

SEGUNDO. Facultar ao Sr. Alcalde e á Secretaria para que presenten as correspondentes solicitudes nos termos e coas condicións establecidas no artigo 5 do Real Decreto- Lei, en relación co artigo 2 Resolución de 2 de novembro de 2009.

2.9. Financiación de actuacións de interese social.

PRIMEIRO. Solicitar, segundo o establecido no Real Decreto- Lei 13/2009, de 26 de outubro e a Resolución de 2 de novembro de 2009, a inclusión no Fondo Estatal para o Emprego e a sustentabilidade Local, do seguinte plan de promoción e reinserción social:

“Plan de emprego municipal para o ano 2010, dirixido ás capas sociais máis baixas” con un orzamento de 120.000 €.

SEGUNDO. Facultar ao Sr. Alcalde e á Secretaria para que presenten as correspondentes



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

solicitudes nos termos e coas condicións establecidas no artigo 5 do Real Decreto- Lei, en relación co artigo 2 Resolución de 2 de novembro de 2009.

E non sendo máis os asuntos a tratar, levántase a sesión cando son as 15:00 do día 10 de decembro de 2009, do que como secretaria dou fe e certifico.

Vº Bº
O Alcalde,

Asdo.: José María García Rivera

